



Concello de Ortigueira

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Expediente: 1631/2024

Asunto: Incoación do procedemento de contratación do subministro de luminarias tipo led en instalacións deportivas.

Por parte da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Administración local, concedeuse a este Concello unha subvención de 41.515,10 euros para a subministración de diversos focos Led para instalacións deportivas, segundo a memoria valorada asinada pola arquitecta técnica municipal

Vistas as condicións, prazos, e demais, así como o procedemento máis axeitado da contratación Estas actuacións son necesarias para unha mellor execución das competencias municipais propias en materia de recollida e tratamento de residuos previstas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

Sendo necesario iniciar o procedemento de contratación dos equipamentos citados,

Vista a existencia da memoria técnica de demais documentos

DISPOÑO

Primeiro.- Iniciar o expediente de contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas municipais por procedemento aberto simplificado sumario.

Segundo.- Que polo departamento de deportes se elaboren os documentos correspondentes para a tramitación do expediente.

Terceiro.- Que polo Departamento de Contratación, se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e que pola Secretaría Xeral se emita o preceptivo informe xurídico.

Cuarto.- Que pola Intervención Municipal, se incorpore ao expediente o certificado de existencia de crédito correspondente, informe sobre a porcentaxe que o valor estimado do contrato representa sobre os recursos ordinarios do orzamento, e unha vez ultimado o expediente, se emita o preceptivo informe de fiscalización previa.

O alcalde

Documento asinado electronicamente

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

